

UNIDADE DE MEDICINA NUCLEAR

A Medicina Nuclear é unha especialidade que emprega isótopos radioactivos para o diagnóstico mediante imaxes ou para o tratamento de diversas enfermidades. A súa maior vantaxe é a precocidade no diagnóstico, ao detectar en imaxes fenómenos metabólicos ou funcionais antes de que se altere estruturalmente o órgano a estudar.

A variedade de



exploracións é ampla, incluíndo patoloxías coronarias, neurolóxicas, endócrinas, renais ou do aparello locomotor, así coma o diagnóstico de enfermidades oncolóxicas.

As técnicas de diagnóstico baséanse en radio-fármacos ou radiotrazadores, substancias que teñen afinidade por un tecido ou órgano e permiten a obtención de imaxes morfolóxicas, funcionais e morfo-funcionais mediante gammacámaras ou tomocámaras. O uso de radio-fármacos en doses máis elevadas pode ser utilizado como tratamento dalgúns procesos inflamatorios, coma o hipertiroidismo; ou ben tumorais, coma o cancro de tiroide.

MÁIS INFORMACIÓN

Información para
pacientes da
Unidade de
Medicina Nuclear

Información para
profesionais da
Unidade de
Medicina Nuclear

CERTIFICADO DE CALIDADE

Certificado ISO
9001 

Unidade de Medicina Nuclear de Vigo



Unidade de Medicina Nuclear de Ourense



